

**TRANSFORMACIÓNS
SOCIAIS E MOVEMENTO
OBREIRO NA ESPAÑA DO
S. XIX**

6.- A NOVA SOCIEDADE DE CLASES E O DOMINIO BURGUEÉS do s. XIX:

- **de clases:** diferencianse grupos sociais pola súa capacidade económica.
- **burguesa:** dominio político e económico da burguesía.
- **fluída:** mobilidade social.

AS CLASES ALTAS

A nobreza

A alta nobreza saiu **ben parada da revolución liberal** pois aínda que perdeu os privilexios conservou o seu patrimonio e engrandeceuno coa compra de bens desamortizados.

A burguesía

Oligarquía poderosa con fortuna e poder (banqueiros, industriais, comerciantes, terratenentes, altos cargos).
Aliarase coa nobreza integrando a alta sociedade
Atraso da Revolución Industrial > debilidade da burguesía española.

A igrexa

Perde privilexios, riquezas e efectivos (desamortización, enfrontamento co liberalismo).
Forte influencia nos gobernos monárquicos moderados e conservadores, que arbitrarán medidas favorables á Igrexa.

AS CLASES MEDIAS

- Composición variada: **clase media rural** (medianos propietarios) e **clase media urbana** (comerciantes, funcionarios, profesionais liberais como avogados ou médicos, militares,...), etc.
- **Grupo moi influente** porque formaban a administración local e estatal e controlaban os servizos básicos.
- Terán un **gran compromiso político** e o seu **papel será esencial na construción do estado liberal**.

AS CLASES POPULARES

O campesiñado:

- Eran a maior parte da poboación (2 de cada 3 persoas).
- A maioría dos campesiños, sobre todo na metade sur da península, eran **xornaleiros**, serán prexudicados pola desamortización.

As clases baixas urbanas

- A poboación urbana era pouca (32'5% en 1900). A maior parte dedicábase ao **sector servizos** e había un importante número de **artesáns**.
- O **proletariado**, integrado polos **obreiros da industria** crecerá en número de forma parella á indus

7.- O MOVEMENTO OBREIRO

Explotación capitalista e loita obreira

A Revolución Industrial virá acompañada da explotación da man de obra, sometida a duras condicións de vida e traballo, dando lugar ao nacemento de organizacións que loitarán por conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora.



EVOLUCIÓN DO MOVEMENTO OBREIRO EN ESPAÑA:

- **Durante a primeira metade do século XIX e no reinado de Isabel II o movemento obreiro desenvolveuse en poucas zonas e tivo escasa repercusión pola reducida industrialización do país.**
- **A partir de 1868 varios factores contribuíron ó desenvolvemento do movemento organizado das clases traballadoras:**
 - O recoñecemento da liberdade de asociación.**
 - A influencia en España da I Internacional e das ideas do anarquismo e do socialismo.**
 - A formación dunha masa obreira apreciable en varios núcleos industriais (principalmente Barcelona, pero tamén Bilbao, Asturias e algúns enclaves mineiros)**

a) As primeiras protestas : LUDISMO (violencia desorganizada 1820/1830)

Reacción contra as máquinas, acusadas de supoñer a perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais.

Os obreiros destruirán as máquinas instaladas nas fábricas: Alcoi (1821), Cataluña (máquinas da fábrica *EL VAPOR* dos irmáns Bonaplata), ou moi tardíamente na fábrica de tabacos da Coruña (1857).

O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade [A Coruña]. Parece que en lugar dos cigarros que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura, con follas engomadas, suprimindo os virxinias ou comúns e os de capa habana ou mixtos, e en vez destes crearon un taller de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como ambas operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que a penas sacan a terceira parte do xornal que acostumaban. Isto e o pouco satisfeitas que están do director da fábrica, alpourizounas de tal modo que o expresado día 7, sobre as once da mañá, alborotáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruindo todo o tabaco (...), pisárono e tirárono ao mar, romperon e fixeron mil anacos as máquinas novas para picar o tabaco, que din que custaron catorce mil duros, tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nas habitacións do director.



Fábrica de Tabacos da Palloza (A Coruña).

b) As asociacións obreiras.

Defenden os intereses puramente laborais (salarios, xornada laboral, seguridade no traballo).

Utilizan como principal mecanismo de loita a **folga** (forma de reivindicación organizada, con **caixas de resistencia** que permiten manter ás familias dos folguistas con un fondo común).

Desenvolveranse diferentes variedades de folga atendendo ós obxectivos e intereses que persiguen os obreiros:

- **Parcial**
- **Xeral**
- **Xeral Revolucionaria**

(co horizonte da revolución política e social e a toma do poder da clase traballadora).

sociedades de resistencia ou de socorro mutuo

- Plantéxanse como sociedades de axuda mutua para facer fronte ós problemas do asociado en caso de enfermidade, despido, morte, etc.
- Evitan a prohibición pola lexislación liberal das asociacións obreiras.
- Aprobadas en **1839** (***Lei de sociedades de socorros mutuos de obreiros***).

Nun principio teñen un marcado carácter sectorial e local e funcionan como sindicatos por oficios.

En 1840 aparece a Asociación de Protección Mutua de Tecedores de Algodón de Barcelona.

O desenvolvemento destas asociacións producírase durante os breves periodos de **gobierno progresista (Espartero 1840-1843 / bienio 1854-56). Serán prohibidos e perseguidos polos gobernos moderados.**

c) O desencanto obreiro cos partidos tradicionais.

Ainda que progresistas e demócratas apoiaron algunhas demandas obreiras, foron sobre todo os **republicanos os máis identificados coa causa obreira. A revolución de 1868 recoñeceu por vez primeira o dereito de reunión e asociación na Constitución de 1869.**

Tras a primeira república os obreiros, desencantados coa política tradicional á que consideraban instrumento da burguesía, optaron polas ideas revolucionarias anarquista e socialista.

Os sindicatos por oficios integraranse en sindicatos xerais de carácter nacional

- Tratarán de integrar a escala nacional os sindicatos por oficios.
- Activos durante o sexenio revolucionario (1868 - 1874).
- Non serán autorizados definitivamente ata a **Lei de Asociacións de 1887** co goberno de Sagasta.
- Incorporan as novas ideoloxías obreiras: **Socialismo e anarquismo.**

Subscribe for the
INDUSTRIAL WORKER

Foremost Exponent of Revolutionary

Industrial Unionism

Published in the English Language

One Dollar per Year

Three Months 25c

P. O. Box 2129

Spokane, Washington

CAPITALISMO

NOSOTROS TE GOBERNAMOS

NOSOTROS TE ATONTAMOS

NOSOTROS TE DISPARAMOS

WE EAT FOR YOU

**NOSOTROS TRABAJAMOS POR
UN MISERABLE SALARIO**

NOSOTROS TE ALIMENTAMOS

WE WORK FOR ALL

LA PIRAMIDE SOCIAL CAPITALISTA

ISSUED BY NEDELJKOVICH, BRASHICH AND KUCHARICH.

Copyrighted 1911 by The International Pub. Co., 1747 W. 25th St., Cleveland, O., U. S. A.

O MOVEMENTO OBREIRO NO SEXENIO (1868-1874)

a) As novas ideoloxías obreiras

A base do
movemento obreiro,
que tivo os seus
inicios no socialismo
utópico, asentouse
no **marxismo** e o
anarquismo.

SOCIALISMO UTÓPICO

- Pequenas comunidades con propiedade colectiva.
- Estado benefactor, protector das experiencias colectivas.
- Economía destinada a satisfacer as necesidades de cada comunidade.
- Táctica política pacífica.
- Organización social igualitaria: todas as persoas cos mesmos dereitos en pequenas comunidades autosuficientes.

MARXISMO

- Propiedade nas mans do Estado.
- Estado ditatorial previo á instauración definitiva do comunismo, momento en que o Estado desaparecería.
- Economía centralizada e colectiva.
- Creación de partidos e sindicatos obreiros que promoverían a conquista violenta do Estado por medio da revolución.
- Sociedade sen clases sociais. O individuo queda anulado pola colectividade.

ANARQUISMO

- Propiedade colectiva administrada por todos.
- Destrución inmediata do Estado.
- Unha economía colectiva na que cada comunidade ten autonomía.
- Rexeitamento da participación política: revolución violenta que acabe inmediatamente con todas as institucións sociais.
- Sociedade sen clases. Cada individuo ten plena liberdade.

- O socialismo marxista

Ideoloxía, elaborada principalmente a partir das ideas sobre a loita de clases de Karl Marx, que defende a toma do control do Estado polos traballadores, eliminando a propiedade privada de terras e fábricas.

Será introducido en España por Paul Lafargue (xenro de Marx) en 1871.

Combinará a loita sindical coa política, mantendo unha forte rivalidade cos anarquistas.



Primeira imaxe de Marx difundida en España. 1871.

- O anarquismo

- Ideoloxía que se opón a calquer tipo de autoridade e por conseguinte ao Estado que propugna unha revolución obreira que estableza no mundo unha nova sociedade.

Chegará a España da man do anarquista italiano G. Fanelli, discípulo de Bakunin e vinculado á I Internacional.

Extenderase entre os obreiros da industria de Cataluña e Levante, e os xornaleiros do campo andaluz.

Os anarquistas rexeitan a participación política.

Desenvolverán dúas tendencias principais:

- Sindicalista.
- Terrorista.

- A Primeira Internacional (AIT)

En 1864 reuniuse en Londres a **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, tamén conocida como I Internacional. (Pretendía organizar e integrar ás principais correntes do movemento obreiro: socialistas, mutualistas, anarquistas, etc. na loita común polos dereitos dos traballadores a nivel mundial. Moi pronto acabarán enfrontados marxistas e anarquistas).

b) A introdución do internacionalismo en España: FRE da AIT

En España, fundarase en Barcelona en 1870, a **Federación Rexional Española (F.R.E.) da AIT**, no contexto das liberdades establecidas pola Constitución democrática de 1869.

- Terá un rápido crecemento e estará principalmente dominada polos **anarquistas**.
- Destaca a **participación na revolta social de Alcoi (1873)**, e a **súa vinculación ó movemento cantonal**.
- En 1874 será prohibida, xa que as súas actividades a nivel nacional e internacional (a Comuna de París) suscitaran un forte **temor entre empresarios e políticos moderados**.

A ORGANIZACIÓN DOS TRABALLADORES NA RESTAURACIÓN

- ❑ Nos inicios da Restauración as asociacións de traballadores serán ilegais e estarán prohibidas.
- ❑ Non serán autorizados definitivamente ata a **Lei de Asociacións de 1887**, co goberno de Sagasta, que recoñeceu a liberdade sindical.

As organizacións socialistas

- **Desenvólvense no contexto da Restauración, especialmente a partir da lei de Asociacións de Sagasta (1887).**
- **Baixo o liderazgo do tipógrafo ferrolán Pablo Iglesias fundarase en 1879, na clandestinidade, o Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), e en 1888 o sindicato Unión Xeral de Traballadores (UXT).**
- **O partido vincularase á loita política, presentando candidatos ás eleccións, e o sindicato volcarase na loita polos dereitos dos traballadores (xornada de oito horas).**
- **O socialismo terá a súa maior implantación entre o proletariado industrial de Madrid, Biscaia e Asturias.**



Implantación das delegacións da FTRE (anarquista) e do PSOE-UXT (socialista) cara a 1880

Evolución do socialismo español na crise da Restauración (1902 – 1923)

- Despois da Semana Tráxica de Barcelona, formarán unha alianza electoral cos republicanos (1909), que permitirá a elección de Pablo Iglesias como o primeiro deputado obreiro.

En 1917 o socialistas españois buscarán mediante a convocatoria da folga xeral revolucionaria conseguir un radical cambio político e social no país.

O triunfo da revolución rusa (1917) e o desenvolvemento do comunismo soviético provocará a escisión dunha parte dos xoves afiliados socialistas que querían seguir este modelo. En 1921 fundarán o Partido Comunista de España (PCE).

Ante a dictadura de Primo de Rivera (1923) os socialistas manterán unha actitude neutral, colaborando nas reformas laborais e sociais do réxime, o que lle permitirá aumentar a súa influencia na clase obreira.


Pablo Iglesias Posse 1850 - 1925

Aos 9 anos emigrou xunto a súa nai desde Ferrol ata Madrid. O viaxe fixeron a pé a súa nai e él. Ó chegar a Madrid ingresaron no Hospicio, do que sairá aos 12 anos para traballar como tipógrafo.

Desde a clandestinidade comezou a preparar un novo partido político de corte obreiro-socialista, que culminou o 2 de maio de 1879 coa fundación do PSOE na taberna Casa Labra, á que asistiron 25 persoas.

En 1888 fundou a Unión Xeral de Traballadores, accedendo a súa presidencia en 1889. Este mesmo ano acudiu ao Congreso fundacional da Segunda Internacional como representante portavoz do PSOE

En 1910 Pablo Iglesias conseguiu ser o primeiro deputado do PSOE da historia no Parlamento Español.



As organizacións anarquistas

O ideario anarquista estenderase por Cataluña, pola súa vinculación co republicanismo federal, e Andalucía, onde o campesiñado seguiu o camiño da acción directa.

A fins de século conviven o **anarcosindicalismo**, partidario da acción sindical como forma de desenvolver a loita obreira, o **comunismo libertario** e o **terrorismo anarquista**. Estas ideas difúndense mediante a prensa, os libros e nos **ateneos libertarios**.

O sindicalismo anarquista

Ainda que o anarquismo se mantén moi activo, as federacións locais serán incapaces de integrarse nunha única organización xeral, aínda que se intentou (Federación de Traballadores da Rexión Española fundada en 1881 defensores da violencia revolucionaria; Federación de Resistencia ao Capital, Solidaridade Obrera), principalmente polas disensións entre as seccións agrarias andaluzas e as industriais catalanas.

O terrorismo anarquista

Os máis extremistas defenderon o emprego da “*propaganda pola acción*”, con **atentados terroristas contra a clase dominante** para conseguir o derrubamento da orde establecida (bomba no Liceo barcelonés, asesinato de Canovas en 1897, atentado contra o Alfonso XII, ...)

A finais do s. XIX os gobernos da Restauración aproveitarán o rumor que atribuía unha serie de crimes en Andalucía a unha organización anarquista secreta, a *Man Negra*, para perseguir con dureza ó movemento.



Atentado anarquista contra un bispo.




Campesiños acusados de pertencer á Man Negra.


O anarquismo español na crise da Restauración (1902 – 1923)

- A represión despois da Semana Tráxica de Barcelona propiciou a fundación en 1910 do sindicato **Confederación Nacional do Trabajo (CNT)**.
- A CNT tivo unha gran expansión entre o campesiñado andaluz e o proletariado industrial de Cataluña, Zaragoza e Valencia, converténdose na principal asociación sindical en España nas décadas iniciais do s. XX, e nela conviviron as diferentes correntes do anarquismo.
- A CNT negouse a participar no xogo político, buscando a acción directa cos empresarios e apostando pola folga xeral revolucionaria.
- A represión da dictadura de Primo de Rivera, e a actitude contemporizadora dalgúns líderes, levou os máis radicais a fundar en 1927 a **Federación Anarquista Ibérica (FAI)**.

Número de afiliados



Número de folgas



O aumento da conflictividade social tras 1917 (crise económica tras a guerra mundial, revolución rusa de 1917):

Incremento da afiliación ás organizacións sindicais (UGT, CNT).


Ocupación e reparto de terras dos xornaleiros en Andalucía e Extremadura (**trienio bolxevique, 1918-1920**).

Radicalización de folgas e conflitos, especialmente dos obreiros en Barcelona (1919-1923).

Aumento da represión violenta do goberno e da patronal que terá a súa resposta na filas anarquistas (**Pistoleirismo e represión**).

A afiliación sindical en 1931 (M. Artola)

O clima de liberdades e de esperanzas de cambios que a República propiciaba contribuíu a un importante incremento da afiliación sindical, especialmente ás centrais sindicais maioritarias, UXT e CNT.



As sociedades obreiras católicas

A Igrexa reaccionará ante o avance de anarquismo e socialismo entre as masas obreiras, que a apartan de gran parte da poboación, desenvolvendo os sindicatos católicos.

Serán organizacións que, partindo da defensa dos traballadores desde unha óptica cristiá, defendían a colaboración de clases e pretendían lograr a concordia social.

Estos sindicatos terán implantación en zonas do norte e centro de España.

A conflictividade agraria.


A reforma agraria liberal alterou as condicións de vida dos campeciños, e produciuse un incremento da conflictividade no campo.

En **Andalucía** a miseria dos salarios e a forte explotación dos patróns conduciron ó **desenvolvemento de protestas** moi violentas para tratar de mellorar a situación e **conseguir repartos de terras**, que foron duramente reprimidas pola Garda Civil. A comezos do século XX, as protestas adquiriron a forma de **folgas xerais dirixidas polos sindicatos, principalmente anarquistas** (especialmente intensas no trienio bloxevique).

En Galicia o movemento de reivindicación agraria coñecese co nome de agrarismo

Este movemento plantexará unha loita para combater os problemas do campo galego, entre eles o **caciquismo**, e principalmente a loita pola **redención de foros**.

Destacará a asociación agrarista **Acción Gallega**, liderada polo crego ourensán **Basilio Álvarez**. A presión e o descenso das rentas agrarias motivará que, en 1926 durante a Dictadura de Primo de Rivera, sexa promulgada a Lei de Redención de Foros. Esta lei permitirá aos campesiños o acceso á propiedade plena da terra mediante a compra dos foros, no que invertirán os ingresos aforrados na emigración e pola venda do gando



FIN